



Concello do Porriño

Concello do Porriño
TABOLEIRO DE EDICTOS MUNICIPAL 1
DOCUMENTO:
Data inicial de exposición: 07-07-2021
Data final de exposición: 28-07-2021
O Porriño, o de de

BASES SO PROCESO DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DUN/HA TRABALLADOR/A SOCIAL, PARA EXECUCIÓN DE PROGRAMA DE CARÁCTER TEMPORAL NO DEPARTAMENTO DE SERVIZOS SOCIAIS DO CONCELLO DO PORRIÑO. (PONTEVEDRA).

1ª. OBXECTO

O obxecto destas bases é a urxente selección e contratación laboral temporal mediante a modalidade de contrato de obra ou servizo determinado, para a execución do programa de carácter temporal que a continuación se dirá, subvencionado pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia, ao abeiro do Decreto 99/2012, de 16 de marzo polo que se regula os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento (expediente: BS623A 2020/000290-0).

De conformidade co establecido no artigo 15.1 a) do Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e no artigo 2 R.D. 2720/1998, a persoa seleccionada, será contratada temporalmente, traballador social, asimilado ao grupo de clasificación profesional II, para a execución do “Programa especial COVID-19. de atención a persoas problemáticas específicas agravadas pola pandemia” de carácter temporal de duración determinada, que non responde a necesidades permanentes, que finalizará o 31 de decembro do 2021, e que ten por obxecto atender a todas as persoas ou familias que se atopen en distintas situacións de necesidade económica, social ou familiar agravadas dende o confinamento, estando dirixido a persoas con precariedade económica por falta de emprego, e a persoas maiores que como consecuencia do peche temporal dos recursos aos que asistían, tales como Centro de Día, Afaga, Talleres terapéuticos (Tempo para Nos), etc., están en situación de exclusión.

2ª. SISTEMA DE SELECCIÓN.

O sistema de selección será o de concurso.

3ª. LIMITE NA PARTICIPACIÓN DESTA CONVOCATORIA.

Non poderán participar nesta convocatoria, quedando excluídos automaticamente da mesma, as persoas que nun período de trinta meses foran contratadas polo Concello do Porriño durante un prazo ao que sumado a totalidade ou parte do tempo desta contratación puidera resultar máis de 24 meses, con ou sen solución de continuidade, para o mesmo ou diferente posto de traballo, mediante dous ou máis contratos temporais (que non sexan contratos formativos, de relevo ou interinidade), sexa directamente ou a través da súa posta a disposición por empresas de traballo temporal, coas mesmas ou diferentes modalidades contractuais de duración determinada, de conformidade co disposto na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, no Estatuto dos

Concello do Porriño

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986330579

En Carta da Torre (1ª parte)
Acedida por:
Data de Sinal: 02/07/2021
HASH: 080e45968a85a71c09894c0b8db



Cod. Validación: ASX23KYWDAPSMF74KP4QSK76H | Corrección: https://opinio.sedelectronica.gal
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 14



Concello do Porriño

Traballadores aprobado por Real Decreto Legislativo 1/1995, de 24 de marzo e no Real Decreto-Lei 10/2011, de 26 de agosto.

Quedarán excluído do cómputo do prazo indicado e do período de trinta meses a que se refiren o apartado anterior, o tempo transcorrido entre o 31 de agosto de 2011 e o 31 de decembro de 2012, existise ou non prestación de servizos polo traballador/a entre ditas datas, computándose en todo caso aos efectos do indicado en dito artigo os períodos de servizos transcorridos, respectivamente, con anterioridade ou posterioridade ás mesmas.

4ª. FUNCÍONS A REALIZAR POLA PERSOA CONTRATADA.

Traballar con estas familias para diminuír os factores de risco ocasionados pola pandemia e que os levan a exclusión social.

Realizar diagnósticos individualizados e planificar as actuacións preventivas e de apoio.

Facer visitas domiciliarias e entrevistas para coñecer mais os casos e poder dar unha orientación e información mais axeitada a súa realidade.

5ª. CONTRATACIÓN.

Co aspirante que resulte seleccionado se formalizarán o correspondente contrato laboral de duración determinada, a xornada completa de 37,5 horas semanais, para a execución do devandito programa cesará co remate do mesmo (31-12-2021).

6ª. INCOMPATIBILIDADES.

Durante a relación contractual lle será de aplicación a normativa vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo da administración pública.

7ª. REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

Para ser admitidos neste proceso selectivo, de conformidade co establecido no artigo 56 do Real decreto legislativo 5/2015, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público (TRLEBE) en harmonía co disposto no artigo 50 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia (LEPGA), os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Ser español/a. (*Acreditarse mediante fotocopia do DNI en vigor*).

Os/as nacionais dos demais Estados membros da Unión Europea e os estranxeiros/as residentes en España poderán acceder en igualdade de condicións cós/cás españois aos empregos públicos nos termos e coas excepcións que determina o Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei

Concello do Porriño

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986330579





Concello do Porriño

do Estatuto Básico do Empregado Público. *(Acreditarán ademais a súa nacionalidade ou a súa residencia respectivamente e o cumprimento das condicións establecidas para todos/as aspirantes, mediante fotocopia da tarxeta en vigor acreditativa, da súa identidade, expedida polas autoridades competentes do seu país de orixe).*

b) Ter cumpridos os dezaseis anos de idade e non exceder, no seu caso, a idade máxima de xubilación forzosa. *[(Acreditarase de igual forma que o apartado a)].*

c) Posuír o título universitario de Diplomatura ou de Grao en Traballo Social ou equivalente, ou estar en condicións de obter a citada titulación na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

No caso de equivalencia ou homologación de titulacións esta deberá xustificarse co certificado expedido polo organismo competente para establecelas.

Conforme a disposición transitoria quinta da lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego pública da Galicia, considerarase equivalente ao título de Diplomado universitario ter superados tres cursos completos de licenciatura. No caso de equivalencia ou homologación deberá xustificarse con certificado expedido polo organismo competente para establecelas.

(Acreditarase mediante copia do correspondente título ou, no seu caso, do resguardo de ter efectuado o depósito para obtelo e da certificación oficial de ter superados os estudos conducentes para a súa expedición.)

d) Posuír as capacidade funcional para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas de traballador social. *(Acreditarase con declaración responsable asinada polo interesado).*

e) Non haber sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario/a, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional de outro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin terse sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público. *(Acreditarase con declaración responsable asinada polo interesado).*

f) Non estar incurso en ningún dos supostos de incompatibilidade previstos na Lei 53/1984, de 26 de decembro e no TRLEBE. *(Acreditarase con declaración responsable asinada polo interesado).*

Concello do Porriño

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986330579





Concello do Porriño

Tódolos requisitos anteriores deberán posuírse no momento de finalizar o prazo de presentación de solicitudes e conservalos, polo menos, ata a data do seu nomeamento e toma de posesión coma funcionario interino para execución do devandito programa temporal.

8ª. PUBLICACIÓN DAS BASES.

As presentes bases publicaranse no taboleiro de anuncios da Sede electrónica e no taboleiro físico de anuncios do Concello do Porriño, sen prexuízo da súa publicación, de forma complementaria, na páxina web municipal www.oporrino.org, e un anuncio da convocatoria no Faro de Vigo, computándose o prazo de presentación de solicitudes, en calquera caso dende a publicación no Faro de Vigo.

9ª. SOLICITUDES.

As solicitudes dirixiranse á Sra. Alcadesa do Concello do Porriño, e presentaranse no Rexistro Xeral deste Concello, en horario de 9:00 a 14:00 horas de luns a venres, durante o prazo de **5 días naturais** contados a partir do día seguinte a aquel en que se publique o anuncio da convocatoria no **Faro de Vigo**, prorrogándose ata o primeiro día hábil seguinte, se o devandito prazo terminase en un día inhábil.

As solicitudes formularanse na forma que determina o artigo 66 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP) ou conforme ó modelo que se acompaña como **Anexo** destas bases, e conterá, polo menos, os datos persoais do/a solicitante, co seu enderezo, a denominación da praza convocada, e unha declaración expresa de que reúne os requisitos esixidos nestas bases da convocatoria.

As solicitudes tamén poderán presentarse nas demais formas que determina o artigo 16.4 da LPACAP. No caso de presentase as solicitudes en lugar distinto do rexistro xeral deste Concello e dado o carácter urxente destas bases e os prazos previstos nas mesmas faise necesario que os/as interesados/as remitan por fax unha copia da instancia ó número 986/33.58.50 dentro do citado prazo de presentación de solicitudes.

As solicitudes que se presenten a través da oficina de correos deberán entregarse en sobre aberto para seren seladas e datadas polo empregado que admita o envío antes de seren certificadas.

As solicitudes subscritas por españois no estranxeiro poderán cursarse, no prazo sinalado, a través das representacións diplomáticas ou oficinas consulares de España no estranxeiro, que a remitirán seguidamente ao organismo competente.

Xunto coa solicitude se achegará:

-Fotocopia do documento nacional de identidade (DNI) ou pasaporte en vigor.

Concello do Porriño

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986330579





Concello do Porriño

-Fotocopia da titulación esixida.

-Declaracións responsables de cumprir os requisitos sinalados na base sétima, apartados d), e), f).

-Fotocopia da documentación acreditativa dos méritos que aleguen entre os establecidos no baremo destas bases.

Os aspirantes quedan vinculados aos datos que fagan constar na súa solicitude, se ben os erros de feito que poidan advertirse poderán corrixirse ou repararse en calquera momento, ben de oficio, ben a instancia de parte.

A documentación poderá ser presentada en copia simple do orixinal, agás a solicitude e as declaracións responsables. Non obstante, conforme establece o artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común, o Concello do Porriño cando considere que existen dúbidas derivadas da calidade da copia, poderá solicitar o cotexo das copias aportadas polo interesado; para o que poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

En todo caso, os interesados responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten, reservándose este Concello a facultade de exercer as medidas de esixencia de responsabilidade oportunas no caso de falsidade na documentación achegada.

10ª. ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes a Alcaldía ditará resolución pola que declara aprobada a **lista provisional** de admitidos/as e excluídos/as, con especificación, no seu caso, das causas que motivaron a exclusión, así como a designación do tribunal do proceso de selección.

A devandita resolución publicarase no taboleiro de anuncios da Sede electrónica e no taboleiro físico de anuncios do Concello do Porriño, sen prexuízo da súa publicación, de forma complementaria, na páxina web municipal www.oporrino.org, concedéndose un prazo de **3 días hábiles** contados a partir do seguinte ao da publicación, para poder emendar, no seu caso, os erros ou defectos que motivaron a exclusión, así como para promover a recusación dos membros do tribunal.

Rematado o prazo anterior, a Sra. Alcaldesa dictara resolución pola que aprobará a **lista definitiva** de admitidos e excluídos ao proceso selectivo, e fixará o lugar e a data da constitución de tribunal e da valoración dos méritos do concurso. Esta resolución publicarase igualmente no taboleiro de anuncios da Sede electrónica e no taboleiro físico de anuncios do Concello do Porriño, sen prexuízo da súa publicación, de forma complementaria, na páxina web municipal www.oporrino.org.

Concello do Porriño

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986330579





Concello do Porriño

Contra a resolución da alcaldía, aprobatoria da lista definitiva, poderase interpoñer un recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao desta notificación (artigos 123 e 124 da LPACAP), ou ben un recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, segundo o artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

O feito de figurar incluído/a na relación de admitidos/as non significa que se lles recoñeza ós/ás interesados/as a posesión dos requisitos esixidos, os cales deberán ser xustificadas documentalmente como se indica nestas bases.

11ª. TRIBUNAL DE SELECCIÓN.

O tribunal de selección estará formado por cinco membros: un presidente, un secretario e tres vocais e quedará integrado polas persoas que designe a alcaldía, publicándose a súa composición consonte o disposto na base anterior, coa lista provisional de admitidos/as e excluídos/as.

O tribunal quedará integrado, ademais, polos respectivos suplentes que serán designados xunto cos titulares.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse en representación nin por conta de ningún.

A composición do tribunal será predominantemente técnica e axustarase aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros e estes deberán posuír titulación ou especialización igual ou superior á esixida para participar no proceso selectivo. Non poderá formar parte do tribunal cualificador as persoas de elección ou de designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, comunicándollos ao órgano que os designe, cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (en adiante LRXSP), así como cando realizen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria, consonte o disposto no artigo 13.2º do Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, do regulamento xeral de ingreso.

Así mesmo, os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando conorra neles algunha das circunstancias previstas para abstención de conformidade artigo 24 da LRXSP.

Todos os membros do tribunal terán voz e voto. O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia do Presidente e do Secretario ou, no seu caso, quen lles substitúan, e da metade, polo menos, dos seus membros.

Concello do Porriño

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986330579





O tribunal está facultado para resolver cantas dúbidas poidan exporse e para adoptar os acordos que garantan a boa orde da convocatoria, en todo o non previsto polas presentes bases e normativa aplicable.

Os acordos do tribunal só poderán ser impugnados polos interesados nos supostos e na forma establecida na LPACAP.

As resolucións do tribunal cualificador vinculan á Administración, sen prexuízo de que esta, no seu caso, poida proceder á súa revisión, conforme ao previsto nos artigos 106 e seguintes da LPACAP.

O tribunal cualificador adoptará as medidas precisas naqueles casos en que resulte necesario co fin de que as persoas aspirantes con discapacidade gocen de similares condicións para realizaren os exercicios que as do resto de aspirantes, dispoñendo, no seu caso, as posibles adaptacións de tempo e de medios.

O tribunal, por medio do seu Presidente, poderá dispor a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas, con voz pero sen voto, quen colaborarán co órgano de selección exclusivamente no exercicio das súas especialidades técnicas.

Aos membros e asesores que asistan ás sesións do tribunal, aboaránselles indemnizacións por asistencia e, cando cumpra, por dietas e gastos de viaxe, nas contías establecidas na lexislación vixente no momento dos devengos. As indemnizacións dos asesores, e colaboradores agás disposición en contrario, serán as establecidas para os vogais

12ª.- CONCURSO.

O procedemento de concurso consiste na comprobación, avaliación e cualificación dos méritos xustificados documentalmente xunto coa solicitude, de acordo co seguinte BAREMO:

A). EXPERIENCIA PROFESIONAL.

Por cada mes de servizos prestados en calquera Administración pública como Traballador/a Social: 0,10 puntos.

A puntuación máxima que se poderá obter neste apartado A) non poderá superar os **5,00 puntos**.

Os servizos prestados acreditaranse mediante certificación orixinal do órgano de xestión da Administración Pública competente.

B). FORMACIÓN PROFESIONAL.

Concello do Porriño

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986330579





Só se valorarán os cursos de formación e perfeccionamento que versen sobre materias relacionadas directamente co nomeamento obxecto destas bases, sempre que os cursos fosen impartidos por unha Administración ou Organismo Público (INAP, EGAP, INEM e outros organismos oficiais), se trate de cursos oficiais derivados do cumprimento dos acordos de formación continua de administracións públicas ou do plan de formación do Concello e cursos impartidos por colexios profesionais e centros homologados. A puntuación outorgárase de conformidade co seguinte baremo:

- a) Por cada curso de mais de 100 horas de duración, ou no seu defecto 16 a 20 xornadas como mínimo: 1,00 puntos.
- b) Por cada curso de 60 a 100 horas de duración, ou no seu defecto 10 a 15 xornadas como mínimo: 0,20 puntos.
- c) Por cada curso entre 30 e 59 horas de duración ou no seu defecto de 5 a 9 xornadas: 0,15 puntos.
- d) Por cada curso entre 10 e 29 horas de duración ou no seu defecto entre 2 e 4 xornadas: 0,10 puntos.
- e) Por cada curso no que non se especifique a duración, ou inferior a dúas xornadas: 0,05 puntos.

Os cursos de informática non poderán superar na valoración 1 punto.

Cando existan varios cursos de idéntico contido, valorarase unicamente o de maior duración.

Os cursos acreditaranse mediante fotocopia do documento que acredite a súa realización.

A puntuación máxima por este apartado B) de formación profesional non poderá superar os **4 puntos**.

C). FORMACIÓN ACADÉMICA.

Avaliarase a obtención doutras titulacións académicas distinta á esixida como requisito para o acceso á praza convocada seguinte xeito:

- a) Titulación universitaria oficial de Doutoramento: 3,00 puntos.
- b) Titulación universitaria oficial de Máster: 2,00 puntos.
- c) Titulación universitaria oficial de Arquitecto, Enxeñeiro, Licenciado, Grado ou equivalente: 1,50 puntos.
- d) Titulación universitaria oficial de arquitecto técnico, enxeñeiro técnico, diplomado ou equivalente: 1,00 puntos.

Concello do Porriño

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986330579





Concello do Porriño

A cualificación máxima por formación académica non poderá superar, en ningún caso, **3 puntos**, e non se valorarán aquelas titulacións que fosen requisito para acceder á superior.

No caso de equivalencia ou homologación de titulacións esta deberá xustificarse con fotocopia do certificado expedido polo organismo competente para establecelas.

As titulacións a que se refire este apartado se acreditaran coa presentación de fotocopia dos mesmas.

D). EXERCICIOS SUPERADOS DE PROBAS SELECTIVAS DE ACCESO.

Por cada exercicio superado en probas selectivas de acceso para a cobertura en propiedade de prazas de traballador social, da escala de administración xeral ou especial, subescala técnica, clase técnicos medios, grupo A, subgrupo A2: **0,50 puntos por exercicio hasta un máximo de 2 puntos**.

Para a valoración do devandito mérito, este deberá acreditarse mediante certificación expedida pola Administración na que houbese superado o exercicio ou proba correspondente, en orixinal ou fotocopia compulsada.

E). COÑECEMENTO DO IDIOMA GALEGO.

Por coñecemento acreditado do idioma galego (No caso de acreditar varios cursos dos que se dirán a continuación terase en conta só o de maior puntuación):

- Curso de iniciación ou Celga 4: 0,30 puntos.
- Curso de perfeccionamento ou Celga 5: 1,00 puntos.

Só se concederá validez, polo que á acreditación do galego se refire, ós cursos ou titulacións homologados pola Dirección Xeral de Política Lingüística da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

A data de referencia para a valoración dos méritos será a de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

13ª.- RESOLUCIÓN DO CONCURSO

A cualificación final será a resultante das sumas das puntuacións obtidas en cada un dos apartados do citado baremo.

Se dous ou máis concursantes obtiveran idéntica puntuación, o desempate resolverase segundo as regras seguintes:

Concello do Porriño

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986330579





Concello do Porriño

O empate resolverase a favor de quen houberse obtido a maior puntuación no apartado de experiencia profesional, e se persistise o empate resolverase a favor de quen teña maior puntuación no apartado de formación profesional e de manterse este a favor de quen obtivera a maior puntuación no apartado de formación académica e así sucesivamente ata desfacerse o empate. Se continua o empate resolverase por sorteo.

Determinada a puntuación final dos/as aspirantes o tribunal fará pública, no taboleiro de anuncios da Sede electrónica e no taboleiro físico de anuncios do Concello do Porriño, sen prexuízo da súa publicación, de forma complementaria, na páxina web municipal www.oporrino.org, a relación dos concursantes por orde de puntuación coa proposta á Alcaldía do candidato/a que, habendo obtido a maior puntuación, deba ser nomeado funcionario interino por programa para o obxecto da convocatoria.

A proposta do tribunal terá carácter vinculante.

14ª. PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DO CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS ESIXIDOS PARA SER CONTRATADO

O candidato/a que acade a maior puntuación do concurso presentará, no prazo de **3 días naturais**, a contar desde o seguinte ao da publicación da citada relación coas puntuación dos aspirantes os documentos que se especifican seguidamente:

-Certificación médica oficial estendida en impreso, editado polo Consello Xeral de Colexios Oficiais de Médicos de España, debendo amais levar estampado o selo do colexio médico provincial en que este certificado sexa estendido ou se o médico pertence a unha entidade sanitaria pública no impreso oficial da devandita entidade, para acreditar posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das funcións ou tarefas de técnico medio da administración xeral.

-Fotocopia compulsada do documento no que conste o número de afiliación á seguridade social (cartilla da seguridade social, tarxeta sanitaria, vida laboral ou documento similar que acredite tal extremo).

De non achegar dita documentación no devandito prazo, agás causa de forza maior, ou se da documentación achegada non quedase acreditado que cumpren os requisitos esixidos, decaerá nos seus dereitos, quedando en situación de cesante, sen prexuízo da responsabilidade en que puideran incorrer por falsidade na solicitude. De darse este suposto sería proposto para ser contratado para execución do programa o seguinte candidato que obtivese a seguinte maior puntuación.

14ª.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

Presentada a documentación requirida na base anterior, a Alcaldía nomeara ao aspirante proposto persoal laboral temporal coma traballador social para execución do

Concello do Porriño

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986330579



Cod. Validación: ASX23KYYWDAF5MIF74KP4QSK76H | Corrección: <https://oporriño.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 10 a 14



Concello do Porriño

citado programa, de carácter temporal e de duración determinada que non responde a necesidades permanentes.

O nomeamento notificaránselle ao interesado/a e publicarase no taboleiro de anuncios da Sede electrónica e no taboleiro físico de anuncios do Concello do Porriño, sen prexuízo da súa publicación, de forma complementaria, na páxina web municipal www.oporrino.org, para que tome posesión.

A formalización do contrato laboral de duración determinada efectuarase dentro do prazo máximo de **tres días hábiles**, contado a partir da notificación do citado nomeamento.

No contrato deberá facerse constar que o nomeado/a promete ou xura o cargo na forma establecida no Real decreto 707/1979, do 5 de abril polo que se establece a fórmula de xuramento en cargos e funcións públicas. De non formalizar o contrato no prazo indicado o/a nomeado/a quedarán na situación de cesantes perdendo todos os dereitos obtidos no proceso selectivo, a non ser que presenten causa xustificada que deberá ser alegada e aceptada.

Na formalización do contrato de interinidade tamén se fará constar a manifestación do/a interesado/a de non vir desenvolvendo ningún posto ou actividade no sector público e que non realiza actividade privada incompatible ou suxeita a recoñecemento de compatibilidade, así como de non atoparse percibindo pensión de xubilación, retiro e orfandade por dereitos pasivos ou por calquera réxime da Seguridade Social, público e obrigatorio. De estar a desenvolver unha actividade incompatible coa nova, terá que optar por unha delas dentro do prazo de formalización do devandito contrato. Se se tratara de actividades susceptibles de compatibilidade, deberá instala antes da formalización do contrato, que quedará en suspenso en tanto recae resolución.

Para o suposto de que a persoa nomeada pola Alcaldesa para execución do citado programa non se presente a formalizar o contrato dentro do referido prazo ou unha vez formalizado o mesmo fora extinguido ou suspendido por causas legais, ou aquel tivera que ser cesado por calquera causa das previstas na normativa de aplicación ou teña que ser substituídos/as por incapacidade temporal, incapacidade permanente, maternidade, permisos, licencias, ou outras causas similares, poderá realizarse un novo contrato co seguinte aspirante que por orde de puntuación lle corresponda na citada relación (que actuará de lista de reserva), previa presentación da documentación a que se refire a base anterior nomeamento e toma de posesión correspondente, e ata que se incorpore o substituído ou finalice a causa que motivou a convocatoria, ou se dean as causas de cese previstas nestas bases.

15ª. CARÁCTER VINCULANTE DAS BASES

As bases desta convocatoria vinculan a Administración municipal, aos tribunais

Concello do Porriño

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986330579





Concello do Porriño

qualificadores e ós/ás aspirantes que participen no proceso selectivo convocado.

16ª. RÉXIME XURÍDICO

No non previsto nestas bases estarase ao establecido na Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia; Lei 7/2004, de 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes; Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local; Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local; Real decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público; Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da administración xeral do estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da administración xeral do estado; Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración; Decreto 95/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección de persoal ó servizo da Administración autonómica de Galicia, Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores; Real Decreto 2720/1998; Lei 53/1984 de, 26 de decembro de Incompatibilidades del Persoal ao Servizo de las Administraciones Públicas, e demais disposicións concordantes e de xeral aplicación.

17ª. INCIDENCIAS E IMPUGNACIÓN

O Tribunal queda facultado para interpretar as presentes bases da convocatoria e para resolver as dúbidas e incidencias que se presente e tomar os acordos necesarios para a boa orde da selección en todo o non previsto nestas Bases. Así mesmo, o Tribunal poderá declarar durante o transcurso do proceso selectivo como excluídos a aqueles/as aspirantes que fagan uso de calquera actuación fraudulenta na acreditación dos requisitos e méritos requiridos nestas bases.

As bases da convocatoria e cantos actos administrativos deriven das mesmas e das actuacións dos tribunais poderán ser impugnadas nos casos e na forma establecidos pola Lei 35/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a Lei 7/1985, do 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local, así como na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso Administrativa segundo corresponda.

18ª. DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Os interesados autorizan ao Concello do Porriño á publicación, no taboleiro de anuncios da Sede electrónica e no taboleiro físico de anuncios do Concello do Porriño, e na páxina web municipal www.oporrino.org, dos datos persoais, que consten no expediente da selección e que sexan necesarios publicalos de conformidade con estas

Concello do Porriño

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986330579



Cod. Validación: ASX23KYYWDAFSMF74KP4QSK76H | Corrección: <https://oporrino.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 12 a 14



Concello do Porriño

Bases. A presentación da documentación requirida para participar no proceso de selección presumirá o consentimento para publicar a información nos termos indicados.

ANEXO. MODELO DE SOLICITUDE

SOLICITUDE PARA TOMAR PARTE NO PROCESO DE SELECCIÓN, DUN TRABALLADOR/A SOCIAL CONTRATADO TEMPORALMENTE PARA EXECUCIÓN DUN PROGRAMA DE CARÁCTER TEMPORAL.

D./

D.^a
, provisto/a de DNI, con domicilio a efecto de de notificaci3ns en
 teléfono núm. correo electrónico..... ante a Sra. Alcaldesa do Concello do Porriño,

EXPÓN: Que convocado procedemento selectivo, polo sistema de CONCURSO, para a urxente selecci3n e contrataci3n dun traballador social, asimilado ao grupo II, mediante a modalidade de contrato de obra ou servizo determinado, para a execuci3n do “Programa especial COVID-19. de atenci3n a persoas problemáticas específicas agravadas pola pandemia” de carácter temporal de duraci3n determinada, que non responde a necesidades permanentes, que finalizará o 31 de decembro do 2021, cuxo anuncio se publicou no FARO DE VIGO, de data, e desexando tomar parte no citado proceso selectivo, DECLARA que son certos os datos consignados nesta solicitude e que na data de remate do prazo de presentaci3n de instancias reúne todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases da convocatoria.

Polo exposto e declarado,

SOLICITA: Que tendo por presentada esta solicitude e documentaci3n que achega coa mesma sexa admitido/a ao proceso selectivo indicado.

Documentos que achega:

- Fotocopia do DNI ou Tarxeta para os que non teñan nacionalidade española, en vigor.
- Fotocopia da titulaci3n esixida.
- Declaraci3ns responsables de cumprir os requisitos sinalados na base sexta, apartados c), d), e) asinadas polo solicitante.

Concello do Porriño

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986330579





Concello do Porriño

- Fotocopia dos documentos acreditativos dos méritos que posúe dos relacionados na base 11ª das que rexen o proceso selectivo.

....., de de 2021.
(Sinatura do/a solicitante)

SRA. ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE O PORRIÑO
(Pontevedra)

Documento asinado dixitalmente na marxe.

Concello do Porriño

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986330579



Cod. Validación: ASX23KYWDAPSMF74KP4QSK76H | Corrección: <https://oporriño.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 14 a 14